



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas – BRA		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/64/2012	CONWIOER	23-08-2012
2X57186P1NOM2S5X0HUM		

MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

PRESIDENTE:

D. José M. Blanco Suárez (Alcalde-Presidente)

VOGAIS

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)

D. José Gonzalo Gómez Prego (Interventor Accidental)

SECRETARIA

Dna. Susana Barbeito Míguez (Administrativa do Departamento de Contratación)

En Narón, sendo as 12 horas do día 23 de agosto de 2012, constitúese a Mesa de Contratación para a contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, do servizo integral de comedores nos CEIP de A Solaina, A Gándara, Virxe do Mar e O Feal.

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do antedito servizo, co gallo de tratar o punto da orde do día “Exame da documentación administrativa”.

De conformidade co artigo 26.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común, considerouse válidamente constituída a Mesa de Contratación, procedendo o Sr. Presidente á apertura da sesión.

En primeiro lugar a Secretaria do órgano colexiado informou aos membros da Mesa das proposicións recibidas ata o momento do peche da recepción de ofertas, sendo estas:



CONCELLO DE NARÓN

- Villasenín SA.
- Catering Caranza, SL.
- Serunión SA.

A continuación procedeuse á cualificación da documentación presentada polos licitadores nas súas propostas dentro do sobre "A".

Examinada esta documentación presentada a Mesa de Contratación comprobou que a empresa Villasenín SA non presentou un compromiso de adscrición de medios suficientes a este contrato para a súa execución, como así se esixe no apartado 12 do anexo I do prego de condicións administrativas particulares.

A oferta presentada por Serunión SA declara que ten medios suficientes para afrontar o contrato, pero non compromete estes medios á execución do contrato, que é o que se esixe no prego de condicións. Ademáis, presenta para xustificar a capacidade de obrar a comunicación da inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, pero o que se esixe no prego de condicións é o certificado do Rexistro, segundo o disposto na cláusula 19 A), punto 8, que por outra banda é necesaria para xustificar o punto 4 da mesma cláusula que esixe a acreditación de que as prestacións que son obxecto do contrato están dentro do obxecto social da empresa. Por outra banda, a empresa presenta unha declaración conforme dispón no seu cadro de persoal dun número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 por cento, pero o prego de cláusulas administrativas (cláusula 19 A punto 9) esixe que para optar á preferencia do contrato se presenten os contratos de traballo así como os documentos de cotización á Seguridade Social destes traballadores.

Por tanto en cumprimento do establecido na cláusula 20 do prego de condicións outorgarase un prazo de tres días naturais áss sociedades sinaladas para que presenten esta documentación.

Seguidamente, o Sr. Presidente pregunta aos membros da Mesa se desexan realizar calquera pregunta, observación ou aclaración. Non se produxo intervención algunha ao respecto.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as doce horas e catorce minutos da data indicada no encabezamento, do desenvolvemento da mesma eu, como Secretaria, dou fe. Levantándose acta do desenvolvemento deste acto que asino co Visto e prace do Sr. Presidente.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA